CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.
CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrecen detalles relevantes que sirvan de apoio.
CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia. Acentos de lingua oral.</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado</p> <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia. Fonética. Sons e fonemas vocálicos, e as súas combinacións. Sons e fonemas consonánticos, e as súas</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p> <p>Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	How can I help you?	28

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	SI
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.
CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.
CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.
CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.
CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seu elementos.
CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo.
CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.
CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.
CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.

Criterios de avaliación
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.
CA3.7 Describiuse e determinouse a secuencia dun proceso de traballo da súa competencia.
CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.
CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.
CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.
CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.
CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.
CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.
CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.
CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.
CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.
CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.
CA5.2 Descríbóronse os protocolos e as normas de relación social propios do país.
CA5.3 Identifícaronse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.
CA5.4 Identifícaronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia. Acentos de lingua oral.</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado</p> <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia. Fonética. Sons e fonemas vocálicos, e as súas combinacións. Sons e fonemas consonánticos, e as súas</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p> <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.</p> <p>Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p> <p>Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.</p>

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Análise de mensaxes orais

* Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás.

- Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas.

- Terminoloxía específica do sector.

- Ideas principais e secundarias.

- Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresións de condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirectos e verbos modais.

- Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia.

- Acentos de lingua oral.

Produción de mensaxes orais:

* Mensaxes orais.

- Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais.
- Terminoloxía específica do sector.
- Recursos gramaticais: Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresións de condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirectos e verbos modais.
- Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia.
- Fonética. Sons e fonemas vocálicos e consonánticos.
- Marcadores lingüísticos de relacións sociais e normas de cortesía.

* Mantemento e seguimento do discurso oral.

- Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra.
- Apoio , demostración de entencemento, petición de aclaración, etc.
- Entoación.

Interpretación de mensaxes escritos:

* Comprensión de mensaxes, textos e artigos básicos profesionais e cotiáns.

- Soportes telemáticos: emails e páxinas web.
- Terminoloxía específica do sector.
- Ideas principais e secundarias.
- Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, Wish, If only, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais.
- Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.

* Relacións temporais: anterioridade, simultaneidade e posterioridade.

Emisión de textos escritos:

* Expresión e formalización de mensaxes profesionais e cotiáns:

- Soportes telemáticos: fax, email e burofax.
- Terminoloxía específica do sector.
- Ideas principais e secundarias.
- Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs e verbos modais.
- Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.

* Relacións temporais: anterioridade, simultaneidade e posterioridade.

* Coherencia textual:

- Adecuación do texto ó contexto comunicativo.
- Tipo e formato de texto.

- Variedade da lingua.
- Inicio do discurso e introdución do tema.
- Exemplificación.
- Conclusión e /ou resumo do texto.
- Uso dos signos de puntuación.

Identificación e interpretación dos elementos culturais máis significativos dos países de lingua inglesa:

- * Valoracións das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
- * Uso dos recursos formais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.
- * Recoñecemento da lingua inglesa para aprofundar en coñecementos que resulten de interese ó longo da vida persoal e profesional.

Temporalización:

No módulo de inglés haberá, como mínimo, dous exames por avaliación. A avaliación será continua e sumativa, isto é, nunca se eliminará materia e os segundos exames de cada avaliación incluírán sempre materia do exame anterior de xeito que sempre se poidan alcanzar os obxectivos.

Dado que se impartirán sete unidades didácticas no curso, na primeira avaliación impartiranse tres unidades, na segunda dúas e na terceira dúas. Aos contidos mínimos da materia que hai que engadir a listaxe de verbos irregulares máis comúns entregada pola profesora e subida á aula virtual.

Criterios de cualificación:

Será necesario acadar un 5 na avaliación para estar aprobado.

Os elementos a avaliar terán a seguinte ponderación na avaliación:

- Gramática e vocabulario: 5 puntos
- Writing: 1 punto
- Listening: 1 punto
- Speaking: 1,5 puntos
- Classwork and homework: 0,5 puntos
- 2 Lecturas obrigatorias a elixir libremente polo alumnado dunha listaxe de lecturas que estarán a disposición na biblioteca do instituto: 1 punto

Para acadar os 0,5 puntos de classwork and homework será precisa a realización dos traballos voluntarios ou obrigatorios propostos con aproveitamento e nas datas que se indiquen, así como traballar na clase coa intensidade requirida e sen impedir o normal desenvolvemento das actividades lectivas. A non asistencia a clase de xeito non xustificativo, as faltas de puntualidade ou un comportamento inadecuado na aula anularán este apartado da cualificación.

- A lectura de libros en inglés realizarase do seguinte xeito:

- O departamento e a biblioteca publicará nun folleto cos libros de lectura voluntaria por curso que estará na aula virtual do curso. Todos os títulos estarán dispoñibles na biblioteca do instituto e serán prestados ao alumnado.

- Tras ler o libro os alumnos deberán completar unha ficha e un glosario e entregarlle á profesora de inglés correspondente xunto co libro lido nun prazo de 15 días. A profesora se encargará de devolver o libro á biblioteca.

- O alumnado deberá elixir un dos libros lidos cada avaliación e facer unha presentación oral sobre o libro na data marcada e acordada coa profesora. A negativa a facer a presentación oral pública na aula dun dos títulos lidos anulará a totalidade da nota dos traballos sobre os libros. A presentación versará sobre os elementos incluídos na ficha de lectura proporcionada pola profesora.

As probas de listening dos exames provirán da web <http://esl-lab.com/> (nivel: easy - fácil), polo que o alumnado poderá familiarizarse cos audios e practicar previamente ao exame.

As probas de speaking (íntegramente en inglés) serán situacións relacionadas cos temas tratados na programación.

Poderán realizarse Ten minute-test, isto é, probas realizadas en clase sen previo aviso, a modo de repaso dos temas gramaticais vistos con anterioridade e teranse en conta á hora de avaliar. Consistirán nun exercicio e terán unha duración de entre 5 e 10 minutos.

As probas incluírán as destrezas orais e escritas.

Todas as preguntas dos exames do departamento de inglés incluírán despois do enunciado a puntuación correspondente.

Tendo en conta que a asistencia é obrigatoria, só se repetirán exames aos alumnos que falten cando estes presenten un xustificante dun organismo oficial que xustifique a súa ausencia na data do exame. Non se aceptarán xustificantes firmados unicamente polos pais ou tutores.

Se se detecta comportamento fraudulento nunha proba (copiar, cambiar, falar cos compañeiros, usar dispositivos móbiles....), esa proba terá un cero como cualificación con todas as súas consecuencias.

Redondeo das cualificacións: O que teña unha cualificación cunha décima igual ou superior a 6 faráselle un redondeo ao enteiro superior. Se a cualificación ten unha décima inferior a 6 faráselle un redondeo ao enteiro inferior.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo de inglés.

Despois do 10% de faltas (20 sesións), o alumno/a poderá perder o dereito a avaliación continua. Ao chegar ao 6% das faltas o alumno recibirá un apercibemento.

Se houbera algún alumno con problemas de asistencia a clase, se lle faría un exame final escrito e unha proba oral sobre os contidos mínimos incluídos na programación e abordados nas unidades didácticas desglosadas no libro Inglés técnico. Administración, Comercio e Informática; Julia Teschendorff Cooper. Ed. Paraninfo. ISBN 978-84-283-6600-7.

Deberán presentarse na data fixada no mes de xuño dos contidos mínimos do módulo segundo se indica no apartado 6.a.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Dado que a avaliación é continua e sumativa nunca se eliminará materia e os segundos exames de cada avaliación incluírán sempre materia do exame anterior de xeito que sempre se poidan alcanzar os obxetivos.

Aprobar o segundo exame de avaliación supón aprobar a avaliación, e aprobar a terceira avaliación implica aprobar o módulo.

En consecuencia, non cabe falar de avaliación e recuperación como actos diferenciados. Preténdese a reciclaxe permanente da materia, de tal modo que o alumno que supera a materia nun momento dado ten superada tódala materia impartida ata o momento. A nota final será a resultante do traballo de todo o curso.

O alumnado que non aprobara pola vía da avaliación continúa en xuño poderá presentarse ao exame final de avaliación extraordinaria que será avaliado do seguinte xeito:

60% Grammar and vocabulary.

10% Listening

15% Reading

15% Writing

Aqueles alumnos que promocionen a 2º de CAF co módulo de inglés de 1º pendente poderán aprobar a materia do seguinte xeito:

No mes de outubro a profesora lles entregará un dossier de exercicios que deberán devolver completados a man antes do 28 de febreiro. Estes exercicios suporán un 40% da nota.

No mes de marzo o alumno se examinará dos contidos mínimos da asignatura. Este exame valerá o 60% da nota final.

Dito exame constará de:

Grammar and vocabulary: 3 puntos

Listening: 1 punto (tomado da web <https://www.esl-lab.com/easy/>)

Writing: 1 punto. Consistirá na entrega por escrito en papel da "Presentation of a start-up " seguindo as seguintes pautas:

Make a presentation (you can use Powerpoint, Canva) about an existing start-up:

- Use the Internet to find the following facts about it:

a when and where it began

b who created it

c what products or services it offers

d if it has expanded and where

e how much the company is worth now

f main competitors

A presentación en papel poderá entregarse ata dúas semanas antes á profesora para a súa revisión e corrección previa á exposición oral. Esta entrega con anterioridade non é obrigatoria. É un xeito mais de orientar e axudar ao alumnado para a recuperación do módulo pendente.

Polo tanto, poderá entregarse o propio día da exposición oral.

- Speaking about the presentation of a start-up: 1 punto

Minimum 2 minutes; maximum 4 minutes talk

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo de inglés.

Despois do 10% de faltas (20 sesións), o alumno/a poderá perder o dereito a avaliación continua. Ao chegar ao 6% das faltas o alumno recibirá un apercibemento.

Se houbera algún alumno con problemas de asistencia a clase, se lle faría un exame final escrito e unha proba oral sobre os contidos mínimos incluídos na programación e abordados nas unidades didácticas desglosadas no libro 'International Express' (pre-intermediate). OUP 2014. ISBN: 978-0-19-459785-2. . Deberán presentarse na data fixada no mes de xuño ao exame de contidos mínimos do módulo e á presentación oral da súa start-up.

A proba de avaliación para o alumnado con perda de avaliación continua constará de: gramática e vocabulario, reading, listening, writing, presentation e speaking. O valor destas probas será:

- Gramática e vocabulario: 50%
- Reading: 10%
- Listening: 10%
- Writing: 10%
- Presentation: 10%
- Speaking about the presentation: 10%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Esta programación será avaliada na aplicación sobre o seguimento da programación.

Dado que so unha profesora imparte o módulo de inglés, esta a final de curso avaliará o funcionamento da programación en tódolos seus aspectos: Temos realizado unha secuenciación axeitada?, son os contidos dunha dificultade superable?, etc. Servirannos de guía os resultados obtidos polos alumnos, así como as súas reaccións ás actividades plantexadas.

Ademais, no mes de xuño a profesora pasará un cuestionario anónimo online ao alumnado para que valore a evolución do módulo de inglés e a práctica docente da profesora ao longo do curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial será unha proba individual consistente no ditado dun texto que contén un enigma que o alumnado debe responder o máis rápido posible. Os alumnos irán levantando a man a medida que rematan e a profesora irá vendo se é correcta a resposta e apuntando a orde dos que rematan correctamente .

A continuación, recollerá esta proba e a corruxirá, co que obterá información relativa ao nivel oral e escrito dos seus alumnos, así como á súa agudeza con respecto á resolución do enigma adecuado ao seu nivel.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizaranse diferentes actividades tendo en conta a diversidade existente na aula con respecto ó nivel de coñecementos e tamén ós distintos graos de facilidade para a aprendizaxe que teñan os alumnos. Ocasionalmente, a profesora porá a disposición do alumnado que o precise material complementario para reforzar aspectos que impliquen unha maior complicación ou maior esixencia de coñecementos previos. Serán colgados na aula virtual.

A profesora recomenda actividades interactivas on-line adicionais, para que os alumnos poidan traballar de forma autónoma e reforzar contidos e obxectivos non acadados. Deste xeito, os alumnos/as que teñan maiores dificultades de aprendizaxe poderán reforzar os seus coñecementos na casa e os máis avantaxados os poderán ampliar.

Recoméndase especialmente o uso das seguintes páxinas web interactivas: www.agendaweb.org, www.esl-lab.com, <http://lyricstraining.com/>, <https://www.liveworksheets.com/> e o diccionario <http://www.wordreference.com/>

Para os alumnos con necesidades educativas especiais, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tentaranse transmitir os valores democráticos marcados polo PEC.

Ademais, fomentaranse os seguintes valores:

- *Solicitar calquera información de forma educada e correcta.
- *Respetar outras culturas e formas de vida distintas á propia.
- *Respetar aos outros.
- *Aceptar e valorar aos demais independentemente da súa condición, sexo, relixión ou ocupación.
- *Recoñecer a igualdade de oportunidades no campo laboral independentemente do sexo ou outras condicións.
- *Reflexionar sobre a importancia de cada un á hora de mellorar todo o que nos rodea.
- *Desenvolver un espírito crítico, sabendo expresar as propias opinións.
- *Reflexionar sobre os propios dereitos.
- *Ser conscientes da importancia de establecer e manter os bos modais.
- *Aprender a escoitar as opinións, historias... doutros.
- *Reflexionar sobre o dereito de todas as persoas a ser respetadas.
- *Reflexionar sobre a propia educación e os medios actuais para poder adquirila, sendo a formación de calquera tipo fundamental para entrar no mundo laboral.
- *Ser conscientes da importancia do respecto no trato aos demais.

*Ser conscientes da importancia da comprensión e o respeto cara os que nos rodean.

*Ser conscientes da importancia de coñecer a realidade que nos rodea.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado de inglés deste ciclo poderá participar en actividades como:

- 1) Asistencia ao auditorio Gustavo Freire de Lugo para ver unha obra de teatro en inglés o 8 de xaneiro de 2025, sempre e cando A Fundación nos seleccione para asistir. A continuación, está previsto un roteiro guiado por Lugo en inglés.
- 2) Saídas pola contorna de Sarria para falar cos peregrinos en inglés.
- 3) Dentro do plan de mellora da biblioteca e coa finalidade de potenciar a lectura de libros en inglés tentarase que o alumnado acuda á biblioteca do instituto e collan emprestados libros en inglés. Tras ler o libro deberán completar unha ficha e un glosario e entregarlle á profesora de inglés que ó final da avaliación o terá en conta na nota final. Fomentaremos así os itinerarios de lecturas en inglés elaborados distinguindo entre materiais informativos e de ficción.
- 4) Concursos que poidan xurdir e que impliquen o uso da lingua inglesa e de materiais da biblioteca e o coñecemento de actividades propias dos países anglos como o Halloween.
- 5) Charlas socioculturais con anglos residentes no noso país ou peregrinos de lingua inglesa que atravesen o noso concello.